

## MANIFESTO DO 8 DE MARZO

O día 8 de Marzo ten as súas raíces na loita das mulleres polos seus dereitos. En 1908, un grupo de mulleres traballadoras textís declarouse en folga en Nova York para protestar polas súas condicións laborais inhumanas e esixir mellores salarios, horarios e condicións de traballo. Esta folga foi un precursor importante para os dereitos das mulleres.

Non cabe dúbida que se avanzou moito, pero tamén somos conscientes que aínda queda moito por facer, e sin dúbida os Concellos xogamos un papel esencial para lograr a igualdade real tan necesaria e que todas e todos desexamos.

No Día Internacional da Muller, as entidades locais debemos comprometermos a promover a igualdade de xénero en todas as áreas da sociedade. Recoñecemos, que aínda existen desigualdades sistémicas que nos afectan ás mulleres, por isto os concellos e as comunidades debemos comprometermos a abordalas de maneira activa e efectiva, tendo especial sensibilidade con aquelas mulleres que mais difícil o teñen, como son as mulleres con discapacidade, mulleres migrantes, mulleres de diferentes etnias e mulleres que vivimos no medio rural.

Non se pode progresar sin a metade da poboación, que son as mulleres, nin a costa delas.

Tal e como expresa Nacións Unidas, “a igualdade de xénero é a maior desafío actual en materia de dereitos humanos”. Ademais, o progreso das mulleres é un factor que beneficia a toda a sociedade.

Dende o Concello de Xinzo, reafirmamos o noso compromiso cos dereitos humanos de todas as mulleres e nenas, incluído o dereito á igualdade, á autonomía sobre os nosos corpos e decisións, así como a eliminación de todas as formas de violencia e discriminación baseadas no xénero.

Por iso, dende o Concello temos que asumir o compromiso de cumprir as medidas implementadas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. E tamén é imprescindible renovar o gran logro social e político que supuxo o Pacto de Estado contra a Violencia de xénero, e xuntar os esforzos e incrementar recursos de prevención para atender ás mulleres vítimas das violencias de xénero.

Comprometémonos a implementar políticas e programas que promovan a igualdade de xénero no acceso: á educación, ao emprego, á saúde, á participación política e á toma de decisións en todos os niveis.

Dende a FEGAMP fan un chamamento a adoptar medidas concretas para alcanzar a paridade na toma de decisións e acabar coa brecha salarial de xénero, terminar coa parcialidade involuntaria á que se ven abocabas moitas mulleres, garantir a representación equitativa de mulleres en todos os ámbitos da vida pública e promover un entorno seguro e respetuoso para todas as mulleres e nenas. É imprescindible fomentar os servizos de coidados dende o público para facilitar que a maternidade non penalice ás mulleres no mercado laboral, porque sobre elas recae o peso dos coidados.

E para que as comunidades autónomas se unan en solidariedade coas mulleres de todo o mundo e traballen xuntas para crear un futuro máis xusto e igualitario para todas as persoas, independentemente do seu xénero. As políticas de igualdade deben ser transversais.

Dende o ámbito local ten que haber un compromiso de seguir impulsando os avances para conquistar alcanzar unha sociedade mellor, máis equitativa, e en definitiva máis democrática.

**¡Xuntas e xuntos, podemos construír un mundo onde as mulleres e nenas poidan vivir libres de discriminación e violencia, e alcanzar a igualdade real!**